



# Unha Andaina pola Matemática

**Código:** 118713      **Curso académico:** 2007/08

**Departamento:** Xeometría e Topoloxía

**Profesora:** María Elena Vázquez Abal

**Lugar de impartición:** Aula Magna da Facultade de Matemáticas

## **Obxectivo:**

O obxectivo destas conferencias e seminarios é formativo e divulgativo a un tempo. Preténdese mostrarlles aos asistentes a evolución histórica dalgúns conceptos matemáticos, a importancia e fermosura de resultados clásicos e modernos, así como as aplicacións dalgúns teorías básicas, tanto nas propias Matemáticas como na Arte, Arquitectura, Bioloxía, Ciencias Sociais, Enxeñaría, Física, Informática, Música, Química...

## **Contidos:**

Os contidos e horarios das conferencias faranse públicos no transcurso do 1º cuatrimestre. Polo carácter desta materia (unha serie de 10 conferencias) resulta difícil adiantar un horario, aínda que a pretensión é que a maioría destas 10 sesións se impartan en lúns e en horario de 17.00-19.30 na Aula Magna da Facultade de Matemáticas.

## **Metodoloxía da ensinanza:**

A actividade consistirá nunha serie de 10 conferencias ou seminarios de duración entre 120 e 180 minutos, baixo o nome UNHA ANDAINA POLA MATEMÁTICA, que pretende ter unha continuidade nos seguintes cursos académicos. Celebraranse no curso académico 2007-2008, preferentemente en horario de tarde e na Facultade de Matemáticas. As conferencias poderán ser impartidas por profesorado de Universidade, pero tamén se dará cabida ao profesorado de ensino medio e profesionais con algún tipo de relación coas matemáticas. As charlas e seminarios estarán dirixidas a alumnos das Licenciaturas de Ciencias e complementarase cun curso virtual onde se realizarán exames e traballos complementarios. Coa intención de potenciar a participación e de evitar a masificación, haberá un número limitado de 150 prazas na inscrición.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe:**

Para superar o curso, o alumnado terá que acreditar a súa participación nun mínimo de 9 das 10 sesións, para o que deberá acudir ás conferencias coa súa tarxeta universitaria. En canto á cualificación, no curso virtual iranse propoñendo actividades e/ou exames en liña con cuestións relacionadas cos temas tratados para matizar a avaliación.

## **Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala:**

Horas presenciais  $2,5 \cdot 10 = 25$ .

Horas traballo persoal no curso virtual (exames e/ou traballos): 5.